

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIONES E OBRAS

ARTIGO 1º.-

1. De conformidade co previsto no artigo 101 da Lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do término municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenzia de obra urbanística, obtívese ou non dita licenzia, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións, de todas clases, de nova planta.
- b) Obras de demolición
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Alineacións e resantes.
- e) Obras de fontanería e alcantarillado
- f) Obras en cemiterios
- g) Calqueira outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenzia de obra urbanística.

ARTIGO 2º.-

Son suxetos pasivos deste imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerarase contribuínte a quen acredite a condición de dono da obra.

Teñen a consideración de suxetos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzias ou realicen as construcións, instalacións ou obras, si non foran os propios contribuíntes.

ARTIGO 3º.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra e determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co custe estimado do proxecto ou orzamento da obra suxeta ó imposto.

Exceptúanse desta regra xeral as seguintes actuacións cuio orzamento determinarase por aplicación das cuantías que se indican:

- Movements de terra e extracción de area: 0,90 euros (149 pts.) por metro cúbico
- Peches e cerramentos: 18 euros (2.995 pts.) por metro lineal.

2. A cuota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen.

3. O tipo de gravamen será o 2%.

Nembargantes aquelas construcións, instalacións ou obras, de calquera tipo, agás as rampas de acceso, cuio custe non supere os 1.202 euros (199.996 pts.) aplicaráselle unha tarifa fixa de 13 euros (2.163 pts.).

Asimesmo as obras que consistan na construción ou reparación dunha rampa de acceso desde as estradas ou camiños aplicaráselle unha tarifa fixa de 3 euros (499 pts.).

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenzia.

ARTIGO 3 BIS. BONIFICACIÓNS:

Ó amparo do artigo 103.2 a) do R.D.Legislativo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecece unha bonificación do 80% da cuota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

ARTIGO 4º.-

1. Cando se solicite a licenzia preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, dacordo co custo estimado do proxecto.

2. A visita das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

ARTIGO 5º.-

A inspección e recaudación do imposto relizaranse dacordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como, nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 6º.-

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como, nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 7º.-

No que non está previsto na presente Ordenanza, rexirán os preceptos contidos na Subsección 5ª, da Sección 3ª, do capítulo II, do Título II da referida Lei 39/1988, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como, nas disposicións

dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e deroga o da anterior e entrará en vigor cando se leve a cabo a súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.